



CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Ext. 24 - Fax. 982 46 21 02 - concello@concellodechantada.org

Secretaría e Servizos Económicos

NOTA INFORMATIVA

Veñen de se publicar e entrar en vigor as seguintes normas:

I.- Real Decreto-lei 4/2023, do 11 de maio polo que se adoptan medidas urxentes en materia agraria e de augas en resposta á seca e ao agravamento das condicións do sector primario derivado do conflito bélico en Ucraia e das condicións climatolóxicas, así como de promoción do uso do transporte público colectivo terrestre por parte dos xóvenes e prevención de riscos laborais en episodios de elevadas temperaturas, que establece que:

“Estarán exentos do Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Rústica os bens dos que sexan titulares, nos termos previstos no artigo 12.1 da lexislación citada, os titulares de explotacións agrícolas ou gandeiras. que estén afectos ao desenvolvemento de tales explotacións, sempre que ditos titulares de explotacións agrícolas ou gandeiras teñan sufrido no exercizo 2023, unha redución do rendemento neto das actividades agrarias respecto da media dos anos 2020, 2021, 2022, de alomenos un 20% en zonas con limitacións naturais ou específicas do artigo 31 do Regulamento (UE) N.º 1305/2023 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013 ou, nun 30% nas demais zonas.

II.-Disposición segunda da Resolución de 9 de xuño de 2023, da Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local, pola que se regula o procedemento de compensación da exención do Imposto sobre Bens Inmóbles de natureza rústica para o exercizo 2023, prevista no artigo 12 do Real Decreto-Lei 4/2023, do 11 de maio que establece que:

1) As exenciones da cuota non poderán ser declaradas de xeito xeral a tódolos suxeitos pasivos, senón que compre a solicitude expresa do beneficiario así como a verificación das circunstancias que dan dereito á exención.

2) Para que las entidades locais poidan conceder a exención prevista no artículo 12 do Real Decreto-Lei 4/2023, do 11 de maio, os posibles beneficiarios deben solicitala acreditando a concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Os inmóbles de natureza rústica, de cuas cuotas do IBI se solicite a exención, deben estar afectos ao desenvolvemento de explotacións agrícolas ou gandeiras.





CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Ext. 24 - Fax. 982 46 21 02 - concello@concellodechantada.org

Secretaría e Servizos Económicos

b) Os titulares catastrais de tales inmoables en concepto de propietarios, deben ser tamén os titulares das explotacións agrícolas ou gandeiras.

c) Os titulares de tales explotación deben ter sufrido no exercizo 2023 unha redución do rendimento neto das mesmas, de, alomenos, un 20 por cento con respecto á media dos anos 2020, 2021 e 2022. A porcentaxe anterior será dun 30 por cento, se as explotacións non se atopan en zonas con limitacións naturais ou específicas do artigo 31 do Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

Do que se informa, salientando que as solicitudes poderán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello, que as remitirá á Deputación Provincial de Lugo, organismo no que se ten delegado a xestión de tributos.

Chantada, data da sinatura dixital

O ALCALDE P.D.

Asdo. Manuel Diéguez Carballo

Decreto 2023-766 do 28 de xullo de 2023

